



# XORNADAS DE TÉCNICAS DE PROGRESIÓN VERTICAL(TPV) EN EXPELEOLOXÍA

Xornadas monográficas de formación para un público con interese polas Técnicas de Progresión Vertical en Espeleoloxía



Federación  
Galega de  
Espeleoloxía

ege | escola galega  
de espeleoloxía

**XORNADAS**  
**2015** EXPELEOLOXÍA  
DESCENSO DE CANÓNS

## Obxectivos

Estas xornadas pretenden que os participantes aprendan, dende o punto de vista técnico as diferentes técnicas de progresión vertical (TPV) en espeleoloxía, superando e resolvendo as dificultades básicas

Utilizaremos e coñeceremos o material persoal e colectivo de uso habitual e a súa colocación, optimización do equipo e o seu mantemento, ascenso e descenso por corda con e sen fraccionamentos, paso de nós en ascenso e descenso, pasos de fraccionamentos, pasamáns, paso de desviadores, péndulos, tirolinas, rapel guiado, técnicas de progresión en corda sen fin

## Destinatarios

Público en xeral, deportistas sen formación previa ou que queiran perfeccionar ou mellorar as súas aptitudes nas técnicas de progresión vertical en espeleoloxía

Maiores de 14 anos

Será necesaria a licenza de espeleoloxía do ano en curso

## Prazas ofertadas

15 prazas por curso, por rigorosa orde de inscrición

Para a realización do curso deberán cubrirse un mínimo de 8/9 prazas

## Prezo

30 Euros

A manutención e desprazamento serán por conta do participante

## Horario

Sábado, de 09:00 a 13:30 horas e de 15:00 a 21:00 horas

Domingo, de 09:00 a 13:30 horas

## Data de realización

23 e 24 de maio de 2015

## Modalidade de curso

Presencial, 14 horas

## Profesorado

M<sup>a</sup> Luísa Barros Rodríguez (directora do curso)

Profesores titulados da Escola Galega de Espeleoloxía

## Inscrición

Cubrir o formulario de inscrición que se enviara adxunto, declaración xurada de capacidade física, xustificante do ingreso do custe do curso, fotocopia da licenza ou certificado da solicitude, fotocopia do DNI, autorización do/da titor/a no caso dos menores de idade

Estes documentos remitiranse via email a [escuela@espeleoloxia.org](mailto:escuela@espeleoloxia.org)

No caso de non participar no curso, a FGE reservarase o dereito de devolución do 80% do custe, en aqueles casos que se acredite unha xustificación de forza maior por escrito

Esta inscrición formalizárase ata 15 días antes do curso

## Lugar de realización

Centro colaborador / Servigasa

Polígono do Ceao/ Rúa das Cesteiras nº9.3 27003- Lugo

A durmida será no Refuxio da Federación Galega de Espeleoloxía en Mondoñedo/Lugo

<http://www.espeleoloxia.org/web/refugios/normasde-uso/>

## Programa de estudo

### Material e conservación

Utilizaremos e coñeceremos o material e equipo persoal e colectivo de uso habitual, así como as súas características

Criterios de colocación e vantaxes dun correcto axuste do equipo persoal, optimización do equipo e o seu mantemento

### Técnica

Estudo e aprendizaxe das diferentes manobras básicas de progresión

Coñecelas diferentes Técnicas de Progresión nun circuito sen fin

Aproximación as técnicas de fortuna

### Prevenición

Falaremos de prevención e seguridade no “que facer” e “que non facer” en distintas situacións, tanto teóricas como prácticas

## Diploma outorgado

Certificado de asistencia ás Xornadas de Progresión Vertical en Espeleoloxía

Será necesario asistir o do total do curso para obter o certificado

\*A ESCOLA GALEGA DE ESPELEOLOXÍA RESERVASE O DEREITO DE REALIZAR MODIFICACIÓNS, RECTIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS, SE FOSEN NECESARIAS